

Presentación da materia/módulo

Materia / Módulo	Xeografía e Historia 1º ESO	Curso / Ciclo	Curso 2024-25
-----------------------------	----------------------------------------	----------------------	----------------------

CONTIDOS (Temporalizados por Unidades didácticas e Avaliacións)

1ª Avaliación	<p>1.- A humanidade prehistórica: Introducción á Historia: as liñas de tempo e as fontes históricas. As orixes do ser humano. As sociedades cazadoras-colleiteiras. As primeiras sociedades agrícola-gandeiras. A metalurxia. Os megálitos: o caso de Galicia. Arte e maxia.</p> <p>2.- Exipto e Mesopotamia: O marco xeográfico das primeiras civilizacións. Características xerais da civilización mesopotámica e exipcia: organización económica, social, política, cultura e arte.</p>
2ª Avaliación	<p>3.- Grecia clásica: O marco xeográfico: orixe das polis. Expansión do mundo grego: as colonizacións. Hélade: organización económica, social, política, cultura e arte.</p> <p>4.- A civilización romana: Das orixes á creación dun Imperio. A romanización. O Imperio: organización económica, social, política, cultura e arte. A Península Ibérica e Galicia en tempos do Imperio Romano. Os pobos bárbaros.</p>
3ª Avaliación	<p>5.- O Planeta Terra e a súa representación: O globo terráqueo. Os hemisferios. A localización polos puntos cardinais. As coordenadas xeográficas. Os fusos horarios. Os mapas (mapa/plano, elementos do mapa, diferentes tipos de mapas...). A distribución dos continentes e océanos. As formas do relevo terrestre. As augas.</p> <p>6.- Climaxes e paisaxes do Planeta Terra. O impacto humano sobre o medio: Elementos e factores do clima. Clasificación e características dos diferentes climas do planeta Terra e Europa. Os climogramas. Características das diferentes paisaxes da Terra. O ser humano como axente transformador do medio. Conciencia ecolóxica e Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.</p>

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:

Probas escritas	70%	Probas escritas
Actividades	30%	Realización de distintos tipos de tarefas e/ou actividades, tanto na aula como na casa, seguindo as pautas e o prazo indicados polo/a docente

- Sempre que o permita a dinámica e temporalización do curso realizaranse en cada Avaliación **dúas probas escritas** (1º e 2º Parcial). Ditas probas suporán o **70%** da cualificación e **poderán constar** de preguntas teóricas (definición de conceptos, identificación de personaxes históricos, preguntas curtas, desenvolvemento de breves temas históricos...) e cuestións de tipo máis

práctico (localización sobre un mapa de determinados espazos, comentario guiado dun mapa, gráfico, texto histórico, imaxe,... elaboración de esquemas, clasificación de afirmacións como verdadeiras ou falsas, cuestionarios...).

- En cada Avaliación valorarase cun **30%** da nota o **traballo** realizado na **casa** (facer as actividades no prazo e forma establecidos), o **traballo cotián na aula** (realización e corrección das actividades, seguimento das explicacións, participación activa positiva...) e a posible realización de distintas **actividades de investigación**, individuais ou en grupo, que deberán ser entregadas seguindo as **pautas** e o **prazo** indicados polo/a docente.

- **A falta de asistencia a un exame**, só poderá xustificarse mediante documentación oficial, desta maneira o alumno ou alumna terá dereito a facer un exame correspondente a esa parte da materia. De NON existir o xustificante regulamentario o exame se cualificara con insuficiente cero.

- **Copiar nun exame** (utilizando calquera medio) suporá a retirada inmediata do exame e a súa cualificación con insuficiente cero puntos. A mesma medida adoptarase no suposto de ser “plaxiada” unha **arefa, actividade...**

Criterios de Cualificación e Recuperación:

- A valoración obtida mediante os instrumentos anteriores permitirá coñecer a **cualificación do alumno/a en cada trimestre do curso**. A Avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa de **5 puntos ou superior**.

- Os alumnos e as alumnas que teñan unha **Avaliación suspensa** deberán presentarse a unha **Proba de recuperación** que repasará os contidos de dita Avaliación. **Para preparar** dita proba contarán con **material de reforzo** que lles facilitará o/a docente.

- Tras rematar as probas da Terceira Avaliación calcularase a **media aritmética entre as tres Avaliacións parciais para obter a nota da Avaliación Final Ordinaria**. Os alumnos e as alumnas que teñan unha **nota media de 5 puntos ou superior** terán superada a materia.

- **Deseñaranse actividades de reforzo para o alumnado** que teña unha **media inferior a 5**, que **poderá recuperar a materia tras superar as actividades propostas polo/a docente** (poderán ser probas escritas, orais, interactivas, comentarios, cuestionarios...). **Dita recuperación terá lugar antes da data establecida no Centro para a terceira Avaliación e a sesión de Avaliación Final Ordinaria**.